



CLUB DE XUBILADOS DE CAIXA GALICIA

O longo de 1988 este animoso Club de Xubilados realizou diversas actividades como son: cursos de yoga, proxeccións de cine, conferencias, programas-concurso, cursos de manualidades, campeonatos de xogos de mesa; excursións a Fisterra, Vigo e illas Cíes, Monforte e Portomarín, Riveira e Noia; comida-baile do Nadal, etc. Gran importancia a tódolos niveis está tendo a creación do Coro do Club de Xubilados de Betanzos ó que lle desexamos moitos éxitos.

COMISION DE ARTE E CULTURA POPULAR "INZAR"

Durante as festas patronais, entre o 14 e o 25 de agosto, este colectivo de artistas locais realizou a súa terceira mostra "Cara á rúa". Un total de 65 obras de talla, debuxos e pintura constituiron a magnífica mostra. Utilizáronse as galerías "Deive" e os artistas participantes foron: Lito Muñoz Vidal, Vicente García Blanco, Marina Manso Roca, Josefa Mera, Ricardo García Gondell, Pablo Graña, Angel Luis e Antonio García Miramontes, Ana García Seoane, Manuel Rosende Alvarez, José Carro Rodríguez, José Seijo e José Germade.

O Deporte como fenómeno cultural

MIGUEL SANCHEZ ORTIZ*

Etal a penetración do "fenómeno deportivo" na nosa sociedade que é necesario defini-los campos de aplicación e os enfoques que se dan á práctica deportiva. Esta clarificación permítenos encadrar unha parte da filosofía deportiva que quere impregnar o Servizo Municipal de Deportes do Concello Brigantino.

Creemos que a actividade física debe ser un ben do que calquer cidadán ten dereito a disfrutar. Para que iso sexa posible, o Concello ten que poñer os medios necesarios. Desde logo

* Miguel Sánchez es licenciado por el Instituto Nacional de Educación Física y director del Polideportivo Municipal de Betanzos.

falamos do denominado popularmente como "deporte para todos" e que debe cumprir-las funcións seguintes:

Participativo no uso e disfrute do mesmo, en contraposición ó espírito competitivo que cada día domina máis na sociedade.

Que promova a *relación intersexos* como medio de diálogo e comprensión entre os nenos e as nenas.

Que non discrimine por razóns de condición social, económica ou de fortaleza física. Que sexa realmente un *elemento integrador* máis que un elemento clasificador de talentos.

Que teña carácter voluntario.

Que tenda á *gratuidade*. Non debe ser gravoso para os máis desfavorecidos.

Os aspectos antes reseñados, con ser importantes, serían insuficientes se non tiveran unha relación directa co entorno cultural e asociativo da poboación. O feito de non abrí-lo deporte ás influencias culturais do medio ou non dotalo de certos elementos socio-educativos levou moitas veces a reducir o chamado "deporte para todos" a meras prácticas de certos deportes sen finalidade e con rasgos de carácter selectivo, propio dos deportes competitivos.

Un exemplo da relación interdisciplinar entre a actividade física con rasgos culturais e un movemento de implicación social témolo no "Programa de Educación Ambiental" que ven funcionando desde decembro de 1987. Empezou a súa andadura facendo saídas ecolóxico-culturais, visitando algún dos ecosistemas máis importantes da nosa xeografía próxima ou de lonxe. Pensamos que sería un medio ideal de facer exercicio coñecendo o entorno xeográfico e cultural. Isto permítenos fomentar o respecto á natureza a través do seu coñecemento e do coñecemento da interdependencia Home-Medio.

Estas saídas xiran arredor dun centro de intereses como é a flora, o paso migratorio das aves, arte, artesanía, problemática dunha zona, ... etc.

Posteriormente, no verán, realizamos un campamento en Coroso (Riveira) onde, ademais das actividades deportivas e os talleres, levouse a cabo un estudio do medio, no que se observou a flora, fauna e medio físico da zona e certos rasgos de antropoloxía na península de Barbanza. Este campamento (interpretado non hai moito tempo como de aire libre ou deportivo) foi unha experiencia novidosa polo contido e pola súa orientación, que marcou e dounos pistas para enfocar cun novo talante as actividades deportivas en épocas estivais.

A finais de outubro comenza unha nova etapa na que ademais dos itinerarios naturais aparecen outras actividades máis ambiciosas, entre as que podemos destacar, o Obradoiro da Natureza, con actividades de fabricación de papel reciclado, caixas-niños, ... Lévanse a cabo dous cursos, un de Micoloxía e outro de Ornitoloxía, cos que se pretende a participación dun espectro social máis amplo de betanceiros.

Certamente un programa tan ambicioso non funciona se non hai alguén que con entusiasmo faga posible que esta inquietude sexa realidade. Referímonos ó director do programa de Educación Ambiental, Xacobe Meléndrez, sen quen sería imposible este cambio tendente á creación dunha sensibilidade social fronte ós problemas ambientais.

Non quixera rematar sen reseña-la creación no derradeiro trimestre do ano da Escola Municipal de Ciclismo como novidade gratamente aceptada pola xuventude betanceira. Por outra banda, temos que lamentar a supresión da escola de Rugby por falta de nenos a quen lles poida interesar tal actividade, aínda que as portas están abertas para a súa reapertura cando a demanda así o solicite.

Betanzos a 22 de febreiro de 1989